



DESDE OS 12 AOS 17 ANOS

XUNTA DE GALICIA

FACER CINE EN GALICIA

_____ É POSIBLE _____



facelo en galego



necesario



Chano Piñeiro

LINGUA RODADA

CONCEPTO

O idioma propio é a manifestación máis salientable da identidade dun pobo e é imprescindible traballar en prol da lingua para incrementar o seu uso e valoración xa desde a infancia e a mocidade.

Para iso, son de enorme importancia as tecnoloxías da información e da comunicación, a Internet, as redes sociais e os recursos audiovisuais, ao seren do gusto das xeracións novas, todas elas nativas dixitais.

A revolución dixital supuxo un avance moi grande, ao permitirnos coñecer historias, costumes e idiomas doutros países e do noso a través das redes, con pequenos vídeos. Poderíamos estar ante a “xeración da barra espazadora” que, segundo o que dure un vídeo en Internet, decide velo ou non.

Propoñemos unha actividade lúdica e creativa destinada a rapazas e rapaces en idade escolar, consistente na creación de microrrelatos levados á imaxe por medio de pequenos vídeos que amosen os nosos costumes, as nosas paisaxes, as nosas vilas, a nosa xente, a nosa fala..., en definitiva, que consigan plasmar a esencia da nosa terra e, así mesmo, aumentar o uso e a valoración da lingua galega entre a mocidade.

Título: Lingua rodada

Lingua: Galego

Xénero: Narrativo audiovisual

Participantes: Alumnado de centros de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que curse ensinanzas de educación secundaria (ESO, 1.º de bacharelato, formación profesional básica, ciclos formativos de grao medio) e especiais de grao medio

Idades: Comprendidas entre os 12 e os 17 anos (ambas as idades incluídas)

Admisión: envío de solicitude de inscrición a linguarodada@gmail.com

Duración: Xaneiro 2020 - maio 2020


Organiza: Secretaría Xeral de Política Lingüística

Produce: Produtora Claqueta Coqueta

Unha idea orixinal de Rubén Riós



ÍNDICE



1 Obxectivos

2 A actividade

3 Ficha técnica

4 O cronograma

5 Bases

OBXECTIVOS

- 1 Fomentar o uso da lingua galega entre o alumnado, en especial na comunicación oral, dentro e fóra do centro de ensino.
- 2 **Promover unha imaxe positiva e actual da nosa lingua entre a mocidade por medio da vinculación coas tecnoloxías da información e da comunicación e co audiovisual.**
- 3 Incrementar a valoración social do galego e ampliar os seus ámbitos de uso.
- 4 Impulsar o coñecemento do cinema galego e do seu valor lingüístico, artístico, histórico e cultural entre a xente nova e a sociedade en xeral.
- 5 **Favorecer a presenza do galego en novos espazos e soportes.**
- 6 Trasladarlle á nosa xuventude os valores da terra galega, ao tomala como fonte de inspiración para as súas creacións.
- 7 **Difundir a nosa cultura e a nosa lingua usando as ferramentas dixitais e os medios audiovisuais.**

Proba de selección aberta co obxectivo final de atopar unha nova xeración de artistas galegos. Os centros de ensino deberán inscribir o alumnado participante por medio dunha solicitude e dispoñer da autorización previa da nai, do pai ou representante legal deste.

Creación e envío dun relato curto plasmado en imaxe a través de aparellos móbiles, realizado polo alumnado e baseado nas temáticas do rural, costumes, lendas, emigración etc.

Selección dos 3 mellores traballos de cadanseu centro de ensino por medio dun xurado que contará na súa composición con 3 personalidades recoñecidas do ámbito audiovisual e do mundo da escrita.

Obradoiro de 3 h de duración, impartido en horario escolar por un/unha escritor/a e un/unha especialista do sector audiovisual nos 3 centros seleccionados, no cal se abordarán as temáticas do vídeo-relato a través do cinema co fin de deseñar filmes.

“Buscamos rapazas e rapaces que sintan paixón por escribir e contar historias a través de relatos curtos en galego e por levalos logo á imaxe cos seus aparellos móbiles”

Selección do vídeo-relato gañador, realizada polo xurado experto de Lingua rodada, e comunicación ao centro seleccionado.

Durante 2 días, os/as participantes seleccionados/as convivirán nun contorno rural co obxectivo de rodar o seu vídeo-relato cun equipo de profesionais do audiovisual ao seu cargo.

Cando alguén ten talento o que hai que facer é potencialo e darlle a oportunidade de amosalo ante o público.

E iso é o que imos facer!

As persoas gañadoras asistirán á XVII edición do Festival de Cans para compartiren co gran público o seu audiovisual e narraren as súas experiencias e anécdotas.




FICHA TÉCNICA



TÍTULO	Lingua rodada
IDIOMA	Galego
INSCRICIÓN	Do centro escolar, mediante o envío dunha solicitude ao enderezo linguorodada@gmail.com . Con autorización previa imprescindible da nai, do pai ou representante legal do alumnado.
DESTINATARIOS	Alumnado de centros docentes de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que curse ensinanzas de educación secundaria (ESO, 1.º de bacharelato, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio) e especiais de grao medio. Constituirá grupos de 3 a 5 alumnas/os do mesmo centro escolar, de idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos (ambas incluídas).
TÉMATICA DOS RELATOS E VÍDEOS	As nosas raíces, a despoboación do rural, emigración, rural, posta en valor do rural, patrimonio, paisaxes, historia, gastronomía, lendas, costumes, problemáticas, avances.
RELATO	Dúas páxinas máximo escritas en galego con letra Arial regular número 12.
VÍDEO	1:30 min máximo con fala integramente galega e coa reprodución total ou parcial do relato escrito, realizado con dispositivos móbiles de boa calidade (teléfonos, tabletas, etc).
ENVÍO DE RELATOS E VÍDEOS	Enviaranse ao enderezo linguorodada@gmail.com , a través de We Transfer, Velaquí ou Myairbridge.
FINALISTAS	Obradoiro audiovisual de 3 horas de duración nos 3 centros seleccionados.
GAÑADORAS/ES	Gravación profesional do vídeo-relato, cun equipo audiovisual de primeira, con rodaxe e convivencia de dous días no rural galego.
PRESENTACIÓN	Presentación do vídeo-relato na XVII edición do Festival de Cans.

CRONOGRAMA

LINGUA RODADA	ANO 2020				
	XAN.	FEB.	MAR.	ABRIL	MAIO
ROLDA DE PRENSA	9				
LANZAMIENTO A CENTROS DE ENSINO	10				
INSCRICIÓN	10-03				
ENVÍO DE VÍDEO-RELATOS FASE 1		04-04			
SELECCIÓN E COMUNICACIÓN FASE 1			9		
OBRADOIRO EN CENTROS DE ENSINO			11, 12 ou 13		
ENVÍO DE VÍDEO-RELATOS FASE 2			22-16		
SELECCIÓN E COMUNICACIÓN GANADOR				24	
GRAVACIÓN					saída 8 regreso 10
PRESENTACIÓN FESTIVAL DE CANS					19-23



BASES

1 Destinatarios/as do programa

Alumnado de centros docentes de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que curse ensinanzas de educación secundaria (ESO, 1.º de bacharelato, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio) e especiais de grao medio.

2 Fases do programa

Fase I: Escolla de 3 vídeo-relatos mediante unha proba de selección

Inscrición

Realizaraa a dirección do centro de ensino mediante o envío dunha solicitude (modelo dispoñible en www.lingua.gal) por correo electrónico a linguareodada@gmail.com. No asunto indicarse o nome do centro. Presentarase unha solicitude diferente para cada vídeo-relato.

A inscrición no programa implica a obriga de participar en todas as fases, en caso de resultar seleccionado.

Prazos

O prazo de inscrición abranguerá do 10 de xaneiro ao 3 de febreiro, e o prazo de envío dos vídeo-relatos, do 4 de febreiro ao 4 de marzo de 2020 (todas as datas incluídas).

Participantes

O grupo de alumnado participante en cada vídeo-relato estará composto por un mínimo de 3 persoas e un máximo de 5, con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos (ambas incluídas) e pertencentes ao mesmo centro. Cada grupo poderá presentar un único vídeo-relato.

O traballo estará supervisado por un/unha docente que exercerá como responsable da xestión dos contidos, das imaxes e do son do vídeo.

Presentación

Os vídeo-relatos enviaranse a través de Wetransfer, Velaquí ou Myairbridge a linguareodada@gmail.com. Incluirase no envío o relato, o vídeo e mais un documento cos seguintes datos (anexos I e II):

- Título do vídeo-relato
- Centro educativo: nome, código, enderezo, teléfono, enderezo electrónico
- Listaxe do alumnado participante e profesorado supervisor
- Certificación da dirección de contar coa autorización escrita do pai, nai ou representante legal do alumnado para participar no programa e usar a súa imaxe persoal nos vídeos e nas accións de difusión deste en webs, redes sociais etc., con fins educativos e de promoción da lingua.

Características do vídeo-relato

- Temática dos relatos e vídeos: As nosas raíces, a despoboación do rural, emigración, rural, posta en valor do rural, patrimonio, paisaxes, historia, gastronomía, lendas, costumes, problemáticas, avances.
- Relato: Dúas páxinas máximo escritas en galego con letra Arial regular número 12.
- Vídeo: 1:30 min máximo con fala integramente galega e coa reprodución total ou parcial do relato escrito. Realizarase con calquera dispositivo móbil de boa calidade (teléfono, tableta, cámara de vídeo), con licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento» «non comercial» e «compartir igual». Presentarase en formato dixital mp4.

Selección e comunicación ao centro

Un xurado que contará entre os seus membros con 3 personalidades recoñecidas do ámbito audiovisual e do mundo da escrita seleccionará as 3 mellores obras, que deberán corresponder a 3 centros de ensino diferentes.

Os vídeo-relatos valoraranse segundo os seguintes criterios:

- Calidade lingüística oral e escrito
- Orixinalidade, creatividade e innovación
- Calidade técnica, estética e artística

O xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

Non se valorarán os vídeo-relatos que incumpran as bases.

A produtora comunicarlles a decisión do xurado aos 3 centros finalistas o 9 de marzo* de 2020.

*Os centros aos que non se lles comunique a selección nesta data deberán entender que non superaron esta fase.

Fase II

Obradoiros de formación

Os 3 centros finalistas da proba de selección recibirán un obradoiro de 3 h de duración, entre o 11 e o 13 de marzo de 2020, para todo o grupo. Será impartido no propio centro en horario escolar por un/unha escritor/a e un/unha especialista do sector audiovisual e nel abordaranse as temáticas do vídeo-relato a través do cinema co fin de deseñar un novo filme.

O centro deberá dispor dos medios necesarios para a proxección dos contidos (TV, pantalla, son). A produtora proporcionarlle unha cámara para gravar a experiencia diaria do alumnado participante.

Prazo da fase II

Os centros enviarán o novo vídeo-relato a linguadada@gmail.com entre o 16 de marzo e o 22 de abril de 2020.

Selección do vídeo-relato gañador

O xurado experto de Lingua rodada seleccionará o vídeo-relato gañador e comunicarllo ao centro o 24 de abril de 2020.

Os centros aos que non se lles comunique a selección nesta data deberán entender que non superaron esta fase.

Fase III

Convivencia-rodaxe

O alumnado participante na obra gañadora terá a oportunidade de realizar a gravación do seu vídeo-relato cun equipo de profesionais do audiovisual de primeira, durante unha convivencia de dous días no rural galego para a rodaxe. Estará acompañado do profesorado responsable.

Debido ao contido, esta convivencia para a rodaxe será gravada na súa totalidade.

Participación no Festival de Cans

O alumnado gañador e o profesorado responsable asistirán á presentación do seu vídeo-relato profesional na XVII Edición do Festival de Cans.

Obrigas durante a convivencia-rodaxe

- Incorporarse á actividade e a regresar nos prazos establecidos e polos medios que proporcionará a produtora para o desenvolvemento da actividade de gravación.
- Non abandonar a actividade antes da finalización e sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono requirirá a comunicación previa do centro á produtora e a comparecencia da nai/pai/representante legal e será responsabilidade súa o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de animación e docentes e as normas de réxime interior das respectivas instalacións.

Servizos durante a convivencia-rodaxe

- O aloxamento
- A manutención en réxime de pensión completa
- As clases e *master class* así como o material necesario para a actividade
- Un equipo técnico de persoal especializado

Documentación necesaria

A produtora remitirlle ao centro que elaborou o vídeo-relato gañador a documentación necesaria por correo electrónico. Este deberá devolvela polo mesmo medio, cuberta e asinada pola nai/pai/representante legal:

- Autorización de difusión da imaxe persoal
- DNI
- Tarxeta sanitaria
- Datos de contacto da familia
- Ficha de inscrición
- Autorización de saída

Equipamento para a convivencia-rodaxe

Útiles de aseo persoal, repelente de mosquitos, roupa interior, calcetíns, roupa de vestir axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuva, luvas, roupa deportiva, calzado deportivo, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, chanclas, toalla, gorro de piscina, protector solar), saco de durmir, esteira, lanterna e mochila ou bolsa cómoda para excursións e saídas, cantimplora.

3 Difusión

A inscrición no programa Lingua rodada implicará, no caso do traballo premiado, a colaboración nas accións de difusión que se organicen.

Os vídeos participantes e gañadores poderán ser difundidos polas entidades organizadoras e pola produtora en webs, plataformas dixitais, canles de YouTube, redes sociais etc., sempre con fins educativos e de promoción do idioma, sen ánimo de lucro.

Todas as obras que se presenten ao proceso de selección do programa Lingua rodada difundiránse con licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

En todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con este programa e nos vídeos elaborados farase constar nun lugar destacado que é unha iniciativa da Secretaría Xeral de Política e utilizarase, cando proceda, o logo da Xunta de Galicia, de acordo coa normativa de identidade corporativa.

Os vídeos gañadores e finalistas incluírán nos créditos os logos institucionais da Xunta de Galicia, dos EDLG, do programa Lingua rodada e da Produtora Claqueta Coqueta e o texto "Vídeo elaborado ao abeiro do programa Lingua rodada da Secretaría Xeral de Política Lingüística".

+ INFORMACIÓN

Enderezo electrónico: info@claquetacoqueta.com

Teléfono: 645 400 581 - 618 512 435

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



COA COLABORACIÓN DE:



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA